

# As contas de Praza


A Fundación Praza Pública é a responsable institucional do xornal Praza Pública. É unha fundación sen ánimo de lucro que ten por finalidade o fomento da información e o debate público como forma de contribución ao exercicio cívico da cidadanía galega, ben como a promoción da cultura e a lingua galega. Constituíuse en maio de 2012 e está rexistrada como fundación de interese galego, polo que podes beneficiarte nas túas achegas de importantes desgravacións no IRPF e no imposto de sociedades.

## Informe financeiro de 2015

De acordo coa nosa política de transparencia, andiantámosvos a estimación provisional dos resultados do ano 2015.

Neste ano 2015 entre todos e todas, logramos a sustentabilidade económica de Praza, melloramos moito no referido aos ingresos de publicidade grazas ás asociacións, institucións e empresas que nos deron o seu apoio mediante a inserción de anuncios, pasando de 34.000 € a 66.500 €, en canto as doazóns mantivemos os 33.200 € do ano anterior. Os gastos pasaron de 59.000 € a 73.000 € o que en conxunto nos permitiu ter un resultado anual positivo de 26.500 €.

## Resultado 2015 Fundación Praza Pública



[Descarga os datos](#) [Embed](#)



Grazas ao incremento dos ingresos puidemos saldar no primeiro semestre todas as débedas pendentes dende o 2012 e así poder abordar a partir do último trimestre do ano novos retos e compromisos adquiridos, mellorando os salarios dos 3 xornalistas, que estaban reducidos dende o ano 2012, incrementando significativamente as colaboracións xornalísticas e contratando dende 1 de outubro un responsable de publicidade e atención á comunidade de Praza Pública. O incremento tamén nos permitiu conseguir unha pequena bolsa de cartos que reduza as tensións de

tesourería provocada en moitas ocasións pola tardanza en cobrar as insercións publicitarias.

## Resultado 2015 Fundación Praza Pública

	Ingresos	Gastos	Resultado
Xan	12,284€	5,062€	7,222€
Feb	14,104€	4,856€	9,248€
Mar	6,329€	4,912€	1,417€
Abr	6,730€	4,950€	1,780€
Mai	6,709€	5,071€	1,638€
Xuñ	7,152€	6,718€	434€
Xul	8,573€	5,705€	2,868€
Ago	6,725€	5,124€	1,601€
Set	4,683€	6,030€	-1,347€
Out	6,792€	7,591€	-799€
Nov	8,274€	7,881€	393€
Dec	11,268€	9,224€	2,044€

[Descarga os datos](#) [Embed](#)



O obxectivo do 2016, coa vosa axuda, e seguir medrando en recursos humanos para poder chegar máis preto de vós. A nosa aposta pasa por procurar unha maior cobertura informativa achegándonos máis á información local, profundando nos xeneros xornalísticos e ampliando a información multimedia, con máis colaboracións e coberturas monográficas.

No 2015, pero en especial a partir do 2016, un cambio normativo recollido na lei 27/2014 do 27 de novembro, incremeita notablemnete a porcentaxe de devolución no IRPF e imposto de sociedades das cantidades que acheguedes como doazóns á Fundación Praza Pública. Por exemplo: a devolución do 75% dos primeiros 150 € doados en total as entidades coas que estás colaborando, sendo a desgravación entre un 30%-35% para o resto das cantidades. Todas as achegas efectuadas no 2016 contarán coa corresponde desgravación na declaración do IRPF conforme á nova lei: <http://praza.gal/info/21/desgravacion-de-doazons-a-fundacion-praza/>  
<http://praza.gal/achegas/>